

BASES DO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE MOBILIDADES DE PROFESORADO ERASMUS+ DE CICLO PARA FORMACIÓN OU DOCENCIA NO ESTRANXEIRO DURANTE O CURSO 2024 – 2025

1. OBXECTIVO.

1.1. Seleccionaranse propostas de mobilidade para formación ou para docencia no estranxeiro, concretamente nalgún dos países do Programa Erasmus+, presentadas por persoal do CIFP Manuel Antonio para realizalas no período marzo– xullo de 2025,.

1.2. A selección final fundamentarase en:

1.2.1. Acadar mobilidades de persoal de calidade para o CIFP que permitan a consecución dos obxectivos e sobre todo dos resultados que marca o Programa Erasmus+ para as mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe tendo en conta a organización do CIFP.

1.2.2. Fomentar que se fagan mobilidades de distintas familias profesionais/titulacións.

2. REQUISITOS PARA PARTICIPAR.

2.1. Ser persoal do CIFP Manuel Antonio de Vigo no momento da xestión e do goce da mobilidade (excepto profesores/as que estean a realizar unha substitución).

2.1.1. Impartir no presente curso algún módulo nun Ciclo de Grao Superior, para realizar mobilidades en Educación Superior (ES) ou nun módulo dun Ciclo de Grao Medio ou FP Básica para realizar as mobilidades ofertadas polo Consorcio.

2.2. Entregar a documentación en tempo e forma, por cada profesor a realizar a mobilidade, tal e como establecen as presentes Bases no seu apartado 5.

2.3. Axudar no recibimento de profesorado e alumnado entrante, segundo o protocolo establecido polo departamento de programas internacionais.

3. TIPO E NÚMERO DE MOBILIDADES OFERTADAS OU PREVISTAS.

3.1. As mobilidades ES¹ que se ofertan con subvención Erasmus+ son para formación ou docencia, de 5 días subvencionados, a realizar **entre marzo e xullo de 2025**, para profesorado que estea a impartir no presente curso algún módulo nun Ciclo de Grao Superior.

3.2. As mobilidades de CS ofertadas pertencen ao seguinte proxecto.

3.2.1. Proxecto de mobilidades presentado polo CIFP na convocatorias 2023:

- 8 mobilidades correspondentes ao convenio 2023-1-ES01-KA131-HED-000124707

3.3. As mobilidades de Formación profesional (FP) que se ofertan con subvención Erasmus+ son para formación ou docencia, de 7 días CM subvencionados polo consorcio², a realizar **entre marzo e xullo de 2025** (puidendo en casos puntuais facerse nas dúas primeiras semanas de setembro de 2025 se a convocatoria o permite), para profesorado que estea a impartir no presente curso algún módulo nun Ciclo de Grao Medio.

3.4. As mobilidades de FP ofertadas pertencen ao seguinte proxecto:

3.4.1. Proxecto presentado polo consorcio PRAXA EUROPA que coordina a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As propostas de mobilidades de Ciclo seleccionadas necesitarán da aprobación final do consorcio; tivéronse en conta os seus criterios para facer estas bases. Non existe un número específico de mobilidades aprobadas polo Consorcio PRAXA, de tal modo que ó final do proceso a Comisión de Baremación remitirá a listaxe do profesorado de Ciclo Medio en reserva, que obtivo unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 ó Consorcio, o cal comunicará o número de mobilidades concedidas.

3.5. Á realización das mobilidades queda supeditada en todo caso á autorización do equipo directivo e da Inspección educativa.

¹ Erasmus+ engloba entre as súas actividades as de ámbito da Educación Superior (ES), destinadas a profesorado de Ciclo Superior.

² Compre suliñar que o centro educativo **NON pode garantir** a convocatoria nin a adxudicación de prazas xestionadas polo Consorcio e que pode establecer unha **baremación de méritos** difente á interna do centro.

3.6. A contía das bolsas para mobilidades figura nas táboas de tarifas aplicables do proxecto na web do SEPIE e depende do país de destino, outorgándose unha bolsa en función a dous aspectos: gastos de viaxe e axuda para manutención e aloxamento.

4. COMISIÓN DE BAREMACIÓN.

4.1. A Comisión de baremación estará formada por:

- ◆ Un membro do equipo directivo.
- ◆ Xefatura do Departamento de calidades e innovación.
- ◆ Coordinación de Programas internacionais.

4.2. Constituirase despois de publicar estas bases.

4.3. A Coordinadora de Programas internacionais actuará como representante da Comisión e encargarse de realizar as convocatorias e as publicacións deste proceso en nome da Comisión.

5. PROCESO DE ADXUDICACIÓN.

5.1. O prazo de inscrición comezará o **27 de novembro de 2024 e rematará o 14 de xaneiro de 2025 ás 23:00 horas**. Neste período, os aspirantes deberán inscribirse a través do espazo ERASMUS da aula virtual do CIFP:

- Cubrindo o formulario que se atopa na aula virtual de programas internacionais (*só se pode ver ao **automatricularse** en dita aula virtual*), debidamente cuberto, e que segue o mesmo esquema que o Anexo 1.
- A certificación oficial B1 ou superior no idioma de traballo da mobilidade, en caso de telo.
- Para aqueles solicitantes que non teñan un título acreditativo lingüístico oficial, o documento “Compromiso lingüístico” (Anexo 2) cuberto no cal acreditan ter os coñecementos idiomáticos necesarios para lograr unha mobilidade de calidade.

5.2. Unha vez rematado o prazo de inscrición, a Comisión de Baremación revisará os proxectos presentados e publicará a listaxe de admitidos, excluindo todas aquelas candidaturas con erros na forma. Nese momento, abrirase un prazo de 5 días naturais para posibles alegacións. Acto seguido, a Comisión reunirse para valorar as propostas presentadas tendo en conta os criterios “Idoneidade da Proposta de mobilidade”, “Competencia lingüística” e “Titularidade no CIFP”, aplicando a fórmula:

NOTA FINAL DO PROCESO = (NOTA CRITERIO 1 x 0.4) + (NOTA CRITERIO 2 x 0.35) + (NOTA CRITERIO 3 x 0.25), onde

5.2.1. **CRITERIO 1: “Idoneidade da Proposta de mobilidade”**. Valorarase segundo a rúbrica que figura no Anexo 3.

- a concreción de datas, institución de acollida e temporalización da mobilidade,
- o período de mobilidade proposto, que en ningún caso poderá interferir cos períodos de exames e avaliacións,
- os obxectivos e o valor engadido europeo,
- a xustificación da mobilidade fundamentada en necesidades detectadas (*particularmente o seguimento de alumnado en empresa e a obtención de empresas válidas para a realización da FCT por parte do alumnado*),
- o impacto no CIFP/Departamento,
- a difusión e a avaliación previstas,

tendo en conta os obxectivos e sobre todo os resultados que marca o Programa Erasmus+ para as mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe.

- ◆ Puntuacións posibles: De 1 a 10 tendo que obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

5.2.2. **CRITERIO 2: “Competencia lingüística”**

- ◆ Puntuarase mediante Certificación oficial B1 ou maior no idioma de traballo da mobilidade, da seguinte maneira:
 - Non presenta certificación oficial requirida: 0 puntos³
 - Presenta certificación oficial B1: 5 puntos
 - Presenta certificación oficial B2: 8 puntos
 - Presenta certificación oficial C1 ou maior: 10 puntos
- ◆ Terase en conta que é imprescindible ter un coñecemento adecuado do idioma de traballo para poder afrontar as actividades a desenvolver nunha mobilidade de profesorado e poder

³ O persoal que queira participar e non presente certificación oficial deberá asinar o documento “**Compromiso lingüístico**” (modelo aportado polo CIFP) no que afirmará posuír a competencia lingüística necesaria no idioma de traballo para lograr un aproveitamento satisfactorio da mobilidade. O documento asinarase cando se entregue a proposta

acadar os obxectivos marcados. O nivel de competencia lingüística necesario debe ser consensuado co socio de acollida e recollerase no Acordo de mobilidade final.

5.2.3. CRITERIO 3: “Titularidade no CIFP”

- ◆ Valorarase a situación laboral de carácter definitivo ou provisional no CIFP e no corpo, da seguinte forma:
 - ◆ **10 anos** de antigüedad ou **máis** como funcionario de carreira con **destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 10 puntos.
 - ◆ **10 anos** de antigüedad ou **máis sen destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 8 puntos.
 - ◆ Entre **5 e 10 anos** de antigüedad como funcionario de carreira con **destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 6 puntos.
 - ◆ Entre **5 e 10 anos** de antigüedad **sen destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 4 puntos.
 - ◆ **Menos de 5 anos** como funcionario de carreira con **destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 3 puntos.
 - ◆ **Menos de 5 anos sen destino definitivo** no CIFP Manuel Antonio: 1 punto.
- ◆ En caso de empate neste criterio e na nota final do proceso: primará antigüedad no centro e logo antigüedad no corpo.

5.3. Será seleccionada a proposta con máis puntuación na NOTA FINAL DO PROCESO (por orde de máis a menos) ata alcanzar en número ó das mobilidades ofertadas en cada eido, tendo en conta que:

5.3.1. A nota mínima para poder optar ás mobilidades será de 5 sobre 10.

5.3.2. Os aspirantes que nunca gozasen dunha bolsa Erasmus no CIFP Manuel Antonio terán preferencia sobre aqueles docentes que si o fixeran en anteriores convocatorias, sempre e cando devanditos aspirantes teñan unha nota no *criterio 1* de 7 sobre 10 ou superior.

5.4. Abrirase un prazo para reclamacións tras a publicación do listado provisional de persoal beneficiario de mobilidades con subvención Erasmus+ para formación ou docencia no estranxeiro. O prazo exacto e o procedemento de reclamación publicarase nese momento.

- 5.5. Unha vez rematado o prazo de reclamación, darase resposta ás reclamacións, se as houberse, e publicarase o listado definitivo de persoal beneficiario de mobilidades con subvención Erasmus+ para prácticas no estranxeiro, máis o listado de reserva se houbera, nun prazo máximo de 30 días.
- 5.6. Todas as publicacións realizaranse na páxina web de programas internacionais do CIFP Manuel Antonio. E as comunicacións enviaráanse ao correo electrónico dos aspirantes.
- 5.7. Unha vez rematado o proceso, Coordinación de Programas internacionais reunirse co persoal seleccionado e entregaralle o Convenio/contrato de subvención para a súa lectura e sinatura, no que se recolle entre outras cousas:
- ◆ os compromisos e as responsabilidades que o membro do persoal adquire co CIFP/Consortio unha vez asine o documento e se poña en marcha a xestión da súa mobilidade,
 - ◆ a subvención a recibir e os casos nos que o membro do persoal estaría obrigado a devolver unha parte ou a contía total da subvención, por exemplo se non cumprise cos compromisos adquiridos na proposta e no convenio.

ANEXO 1: PROPOSTA DE MOBILIDADE DE PERSOAL DO CIFP MANUEL ANTONIO

DATOS DO PARTICIPANTE

Nome e Apelidos	
Teléfono	
Data de nacemento	
D.N.I.	
Email	
Especialidade	
Condición administrativa (Catedrático/Funcionario/F. expectativa/F. en prácticas/Interino)	
Ciclo formativo/Xefatura/Coordinación pola que participa	
Módulo/s que imparte	

DOCENCIA NO CIFP MANUEL ANTONIO NO CURSO 2022/2023

Especialidade	
Condición administrativa	Catedrático/a <input type="checkbox"/> Funcionario/a <input type="checkbox"/> Funcionario/a expectativa de destino <input type="checkbox"/> Funcionario/a en prácticas <input type="checkbox"/> Interino/a <input type="checkbox"/> Outro <input type="checkbox"/>
Ciclo formativo/ Xefatura/ Coordinación pola que participa	
Módulo/s que imparte	

Antigüidade no centro con destino definitivo	
Antigüidade no centro	
Antigüidade no corpo	

MODALIDADE DE MOBILIDADE POLA QUE PARTICIPA

Pór unha "X" no cadro correspondente:

	Formación: Job shadowing (Período de observación)
	Formación: Prácticas
	Docencia

DATOS DA ORGANIZACIÓN DE ACOLLIDA

Tipo de organización		Centro formativo de FP
		Institución de Educación Superior con ECHE
		Outra organización. <u>Especificar:</u>
Nome		
País		
Enderezo		
Persoa de contacto	Nome	
	Cargo	
	Correo electrónico	



DATOS DO PROGRAMA FORMATIVO PROPOSTO NO ESTRANXEIRO (*)

Datas previstas de inicio e fin da mobilidade:

Institución/s ou empresa/s de realización da mobilidade:

Xustificación (*valor engadido da mobilidade no contexto das estratexias de modernización e internacionalización das institucións implicadas*):

Obxectivos xerais da mobilidade:

¿A actividade de formación favorece ao desenvolvemento de competencias pedagóxicas ou ao deseño curricular?

Si Non

Programa detallado do período formativo: actividades con temporalización (idioma de traballo)

Resultados esperados (*por exemplo, no desenvolvemento profesional do membro do personal e en ambas institucións*) e **Impacto previsto (Usos dos resultados)**

Difusións e avaliacións previstas:



Coa sinatura deste documento, o participante confirma que formalizará o Acordo de mobilidade definitivo coa organización de acollida baseándose neste Programa formativo e sen realizar modificacións substanciais.

O participante

Sinatura

Nome:

Data:

“El miembro del personal compartirá su experiencia, en particular el impacto en su desarrollo profesional y en la institución de educación superior de origen, como una fuente de inspiración para otros”

Compromiso para o profesorado participante descrito no modelo de Acordo de aprendizaxe da Axencia Nacional para ES.

(*) Como cubrir o apartado “Datos do programa formativo proposto no estranxeiro”.

Datas previstas de inicio e fin da mobilidade

Deben ser o máis específicas posible e, en ningún caso, coincidir con períodos de avaliacións e exames.

Xustificación e Obxectivos xerais da mobilidade

Xustificación (Valor engadido europeo): describir as necesidades do módulo, ciclo/s, departamento, CIFP... que xustifican a mobilidade proposta, e fundamentar os obxectivos nesas necesidades a resolver; por exemplo:

- ✓ Pódense definir as capacidades ou competencias profesionais, didácticas ou organizativas que se queren mellorar ou adquirir.
- ✓ Pódese engadir “Mellorar a competencia lingüística para integración na práctica docente” e “Establecer contactos para novas mobilidades de profesorado e alumnado”, pero estes non poden ser obxectivos únicos.

Programa detallado do período formativo

Actividades específicas con temporalización: Observación /práctica na aula, no laboratorio, en área da empresa... visita a novas empresas/centros educativos...

Idioma de traballo: é o idioma no que se realizará a formación. Non ten que ser necesariamente o idioma do país de acollida, sempre que se acorde coa empresa por escrito.

Resultados esperados e Impacto previsto

- ✓ Resultados: Descrición dos resultados esperados.
- ✓ Impacto: Usos previstos dos resultados na práctica docente/na labor das distintas coordinacións, xefaturas...
- ✓ Difusión: Como e cando se vai facer a difusión? PFFP, grupo de traballo, seminario, en rede, introdución na programación didáctica... Importante a utilización de TICs.
- ✓ Avaliación: Como e cando se vai valorar a realidade do impacto no ciclo/Departamento/CIFP?

En todo caso, na avaliación da Proposta de Mobilidade presentada polos aspirantes, teranse en conta os resultados das actividades de mobilidades de profesorado previstos pola Axencia Nacional, como son:

- ✓ Mellora das competencias vinculadas ós seus perfiles profesionais.
- ✓ Mellor entendemento das prácticas, as políticas e os sistemas educativos de formación dos diferentes países.
- ✓ Maior capacidade de provocar cambios en termos de modernización e apertura internacional dentro das propias organizacións educativas.
- ✓ Mellora das interconexións entre a formación profesional e o mercado laboral.
- ✓ Mellor calidade de traballo e das actividades a favor de estudantes, estudantes en prácticas e alumnos.
- ✓ Maior entendemento e capacidade de resposta á diversidade social, lingüística e cultural.



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE
FORMACIÓN PROFESIONAL
MANUEL ANTONIO



FORMACIÓN
PROFESIONAL

- ✓ Maior capacidade de abordar as necesidades das persoas desfavorecidas.
- ✓ Maior apoio ás actividades de mobilidade dos educandos e maior promoción de desas actividades.
- ✓ Maiores oportunidades de desenvolvemento profesional.
- ✓ Mellora das competencias en lingua estranxeira.
- ✓ Maior motivación e satisfacción no traballo cotián.



Financiado por
la Unión Europea

Erasmus+

Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.

ANEXO 2: COMPROMISO LINGÜÍSTICO

Eu,, profesor/a do Ciclo no CIFP
Manuel Antonio durante o cursoe con DNI, desexo
informar de que,

Querendo realizar a miña mobilidade Erasmus + para profesorado no país , e
a pesar de non ter ningunha acreditación oficial de idiomas, afirmo ter os coñecementos
lingüísticos necesarios para acadar unha mobilidade de calidade.

E para que así conste,

En Vigo, a de de 202

O/A profesor/a:

Asdo.:

ANEXO 3: RÚBRICA DAS PROPOSTAS

CRITERIO 1: PROXECTO	
Concreción de datas (0,5 puntos) (<i>Definición de fechas concretas xa na proposta presentada</i>)	
Institución (ata 2,5 puntos)	Por cada novo contacto confirmado (0,5 puntos) . <i>Proposta que incorpora unha nova empresa ou centro que se compromete a colaboracións futuras e que está completamente definida e carrada.</i>
	Por cada novo contacto sin confirmar (0,3 puntos) . <i>Proposta que incorpora unha nova empresa ou centro que se compromete a colaborar no futuro pero que está pendente de confirmación definitiva.</i>
	Por contacto repetido necesario (visita FCT) (0,3 puntos) . <i>Proposta que incorpora unha nova empresa ou centro xa recollida na base de datos de PI pero que é necesaria para visita de FCT (seguimento alumnado) ou porque hai proxectos comúns vixentes.</i>
	Por cada contacto repetido "innecesario" (0,1 puntos) . <i>Proposta que incorpora unha nova empresa ou centro xa recollida na base de datos de PI pero que neste momento non é unha necesidade destacada para a coordinación de PI.</i>
O periodo proposto é durante os exames ou as avaliacións (-1 punto).	
Obxectivos que se pretender obter ca visita(ata 1,5 puntos)	Cada obxectivo Didáctico (ex. visita FCT) (0,25 puntos) . <i>Aqueles que repercuten no alumnado.</i>
	Cada obxectivo Formativo (0,25 puntos) . <i>Aqueles que repercuten no profesorado.</i>
Xustificación según necesidades do centro e/ou da familia profesional (ata 2,5 puntos → 0,5 por cada argumento).	
Impacto no CIFP (ata 3 puntos)	Global do centro (0,5 por cada argumento) : 1. Novas escolas/empresas que sexan válidas para varias familias. 2. Acordos de participación en proxectos conxuntos de centros.



	<p>Particular (ciclo, departamento) (0,25 por cada argumento)</p> <ol style="list-style-type: none">1. Novas escolas/empresas que sexan válidas para algún ciclo.2. Acordos de participación en proxectos conxuntos de departamentos.3. Melloras no contido didáctico dos ciclos.
<p>Difusión e avaliacións previstas (ata 1 punto)</p>	<p>0,25 puntos por cada acción proposta de carácter habitual.</p> <p>0,3 puntos por cada acción proposta novedosa con respecto a anos previos.</p>

